

# A saúde de Taiwán

## Description

Non é a economía o que máis preocupa en Taiwán. No primeiro trimestre do corrente ano, o crecemento ascendeu a un 0,89 por cento, máis do 0,52 previsto, ata o punto de que fontes gobernamentais reaxustaron cara arriba o seu prognóstico da taxa de crecemento para o presente ano, do 2,29 ao 2,55 por cento.

A economía de Taiwán, asegura Lin Chuan, responsable de estatísticas e orzamento do Yuan executivo (gabinete), comezou a recuperarse, despois de sufrir unha recesión durante tres trimestres consecutivos a partir do segundo trimestre do ano pasado. Os datos do Banco Mundial sinalan que a economía dos tres tigres asiáticos (Hong Kong, Taiwán e Singapur) contraeuse un 1,3 por cento como promedio en 2001, despois de crecer un 8 por cento en 2000, pero prevé que este ano crecerán un 2,4 por cento, e máis do 4 por cento en 2003.

Non é pois a saúde da economía o que máis preocupa en Taipei actualmente, senón o novo revés experimentado pola súa diplomacia nese titánico esforzo por dar o salto do mundo da economía real, donde está excelentemente situado, ao da política e da sociedade internacionais, donde apenas existe como convidado de pedra. As aspiracións a obter un mínimo recoñecemento da solicitude de ingreso como país observador na Organización Mundial da Saúde, reunida en Xenebra na 55ª Asemblea Mundial, foron rexeitadas amplamente. O veto continental, co apoio de países como España, impediu a inclusión da proposta na axenda. O mesmo mundo é quen de celebrar o nacemento de Timor como estado 192 e negar a existencia formal dun país que hoxe se sitúa entre as principais potencias económicas e comerciais do planeta. Shuh-Min Wu, presidente da Fundación da Alianza Profesional Médica de Taiwán, recién chegado de Xenebra, díciame en Taiwán que o contencioso con China continental non debería obstaculizar a colaboración en ámbitos elementais coma o humanitario. Se foi doado o entendemento no caso do ingreso na OMC, onde os mesmos principios que aquí se esgrimen como escusa insalvable foron obviados para non prexudicar o mundo do diñeiro, por qué non imaxinar fórmulas que procuren un achegamento aceptable para todos en beneficio das persoas? Taiwán reclama na OMS un status similar ao de Palestina, aínda que Palestina nin é estado de feito nin de dereito, senón, desgraciadamente, a penas un montón de escombros.

No fondo da polémica está a estratexia de China continental para a unificación, pero tamén razóns de oportunidade máis inmediatas. No ecuador do seu mandato e cun mapa político en extremo cambiante, o presidente Chen Shuibian deberá afrontar este ano varios retos electorais en xuño e decembro, e Beijing carece do mais mínimo interese por agasallalo cunha tímida normalización de relacións. A recente proposta de enviar á capital chinesa unha representación do gobernante PDP (Partido Democrático Progresista) foi rexeitada polos dirixentes de Zhonnanhai. A pesar dos esforzos de moderación impulsados por Chen a propósito da estratexia independentista do seu movemento, cada día menos explícita, en Beijing non existe confianza nas súas palabras e, paradoxalmente, prefire entenderse cos seus vellos inimigos do Kuomintang, hoxe en época de vacas flacas e en franca retirada, acuciado por escisións e desercións sen aparente fin.

O caso do ingreso de Taiwán na OMS é paradigmático das hipotecas da posición chinesa a respecto da unificación, un empeño histórico difícilmente resistible por Taipei pero que gañaría máis aliados e comprensión na illa cunha actitude continental que estendera os pingües negocios que realiza cos empresarios taiwaneses a un ámbito político que atraería as novas xeracións de taiwaneses para a causa da construción dun gran país unido e próspero.

## 台灣的健康議題

經濟並非台灣當前最關切的議題。今年第一季台灣經濟成長率達百分之〇點八九，較原先預期的百分之〇點五二為高，促使政府當局將本年經濟成長率預測值由原訂百分之二點二九向上修正至百分之二點五五。行政院主計處林全主計長肯定台灣經濟業由去年第二季以來連續九個月的低迷景氣中逐漸復甦。世界銀行資料顯示亞洲三小龍（香港、台灣及新加坡）經濟成長率於公元二〇〇〇年高達百分之八，二〇〇一年平均僅約百分之一點三，預估成長率今年將有百分之二點四，而二〇〇三年約為百分之四。

然而，台北當前最關切的並非經濟體質，而是最近在外交領域的新挫敗：長久以來，台灣不斷以其優異經濟成就為基礎，極力爭取政治活動空間及國際社會認可其外交地位，卻一直被拒於各項國際會議門外。以前不久於日內瓦召開的第五十五屆世界衛生大會為例，台灣積極申請成為世界衛生組織觀察員的提案被否決，西班牙是反對台灣提案列入大會議程的眾多國家之一。值此同時，全世界正慶祝第一百九十二個國家～帝汶的誕生，另一方面卻否認台灣這個躋身世界最重要經濟體之一所具備的正式國家地位。甫自日內瓦返台的台灣醫界聯盟董事長吳樹民表示：台灣與中國大陸間的爭議，不應構成台灣參與諸如人道工作等基本領域合作的阻力。況且，台灣加入世界貿易組織所適用的條件，卻成為杯葛其申請加入世界衛生組織的關卡，重經濟輕人道之偏差昭然若揭，為何不由人類福祉的角度思考出雙方可接受的模式解決問題？台灣向世衛組織爭取的是一個類巴勒斯坦地位，然而巴勒斯坦之法律或實務地位還不配被稱為國家，充其量不過是一堆瓦礫罷。

問題追根究底在於中國大陸的統一政策，以及另一個近期戰略：台灣目前政治勢力消長局勢未定，陳水扁總統六月及十二月即將面臨選舉的挑戰，北京自然不願在選前對兩岸關係正常化做出任何善意回應，以免增加執政的民進黨勝選籌碼；所以中南海日前拒絕了陳總統提出派遣民主進步黨高層代表訪問北京的提議。儘管陳總統自就任以來其獨派策略意圖已明顯淡化，北京當局仍對陳言論持不信任態度，卻一反常態地偏好聽信其舊敵人國民黨的說辭，國民黨如今因內部分裂而退居在野地位，政治影響力已大不如前。

杯葛台灣加入世界衛生組織案是中國解決統一問題眾多謀略之一，而統一對台北確係一難以抗拒的歷史責任；中國刻正利用開放廣大商機吸引台資以帶動台灣新生代共同建設大一統富強國家，此一以商業利益導向政治目標的策略預見可獲得台灣社會的支持與理解。

*Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012*

**APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

China e o mundo chinés ARQUIVO

**IDIOMA**

Chinés

**Date Created**

Maio 23, 2002

**Meta Fields**

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 20020523